

Información embargada ata as 20,30 h.

Santalices subliña a vocación de entendemento e de aproximación entre galegos e portugueses

- **Participou na recepción ofrecida polo vicecónsul de Portugal en Galicia con motivo da celebración do Día de Portugal en Ourense**
- **“Que os galegos denominemos raia á fronteira con Portugal é unha evidencia máis da permeabilidade da pretendida liña divisoria”, afirmou o presidente da Cámara**

Santiago, 9 de xuño de 2017.- O presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira, destacou esta tarde na recepción ofrecida polo vicecónsul de Portugal con motivo da celebración do Día de Portugal, de Camões e das Comunidades Portuguesas, que nesta edición se celebra en Ourense, a vocación de entendemento e aproximación de galegos e lusos, reforzadas a través de actividades como a inaugurada este venres.

Santalices Vieira afirmou que tradicionalmente a fronteira foi máis un espazo de intercambio e de convivencia ca unha estrema infranqueable. “Que os galegos denominemos raia á fronteira con Portugal é unha evidencia máis da permeabilidade desa pretendida liña divisoria xurdida séculos atrás”, dixo.

Espírito de fraternidade

O titular da Cámara galega congratulouse do achegamento protagonizado por Galicia e Portugal nas últimas décadas,

recordando que desde finais do século XX, estradas, pontes e proxectos de cooperación reforzan e poñen de manifesto o espírito de fraternidade que une a galegos e portugueses.

O valor da lusofonía

Neste contexto, Santalices Vieira recordou tamén a aprobación, na Cámara galega, en 2014 e froito dunha iniciativa legislativa popular, da Lei para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos cos lusofonía.

Apuntou tamén que o Parlamento de Galicia lidera proxectos de cooperación e intercambio cultural, nomeadamente coa Asemblea Lexislativa dos Azores, que mesmo o fixo merecedor dun premio europeo. Avanzou que a Cámara segue a traballar nesta dirección e que nos próximos meses presentará novas iniciativas de cooperación relacionadas coa promoción da cultura galega e portuguesa.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.